

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBach

<b>Dirección do proxecto</b>	
Nome: Óscar González-Prieto	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:oscargprieto@uvigo.es">oscargprieto@uvigo.es</a>	Teléfono: 986 80 19 22
<b>Co-dirección do proxecto</b>	
Nome: Xana Álvarez Bermúdez	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:xaalvarez@uvigo.es">xaalvarez@uvigo.es</a>	Teléfono: 986 80 19 59
Nome: Luis Torres Vázquez	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:ltorres@uvigo.es">ltorres@uvigo.es</a>	Teléfono: 986801960
Nome: Enrique Valero Gutiérrez del Olmo	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:evalero@uvigo.es">evalero@uvigo.es</a>	Teléfono: 986 80 19 03

### Título

Comprender a estrutura da madeira ata o nivel microscópico

### Resumo

Chámase madeira a un conxunto de tecidos que forman a estrutura do tronco, das raíces e das pólas dos vexetais leñosos, excluída a cortiza. Concretamente a parte denominada xilema foi, e continúa a ser a día de hoxe, un material comunmente empregado polo home para diversas finalidades. Coñecer a árbore da que procede a madeira así como a estrutura da mesma ata o nivel microscópico, permite entender o porque da súa idoneidade para infinidade de usos. Percórrese o camiño completo dende a visión da árbore real ata os compoñentes microscópicos da súa madeira.

### Obxectivo

Preténdese que o alumnado nun primeiro paso recompila a información correspondente na bibliografía adecuada, para posteriormente analizar e comprobar por si mesmo as características dunha árbore cotiá na nosa contorna e finalmente poida analizar e comprobar as características macroscópicas e microscópicas da madeira obtida do seu xilema.

## **Plan de traballo**

1. Procura bibliográfica sobre madeiras e a súa estrutura ata o nivel microscópico.
2. Seleccionar e recompilar datos dunha especie arbórea cotiá da nosa contorna con aproveitamento como madeira.
3. Realizar o exame dun exemplar real da planta no terreo.
4. Realizar o exame macroscópico dunha mostra de madeira.
5. Realizar o exame microscópico dunha mostra de madeira.
5. Elaboración da memoria escrita e da presentación pública dos resultados do proxecto.

## **Actividades complementarias**

Visita á Escola de Enxeñaría Forestal  
Visita á Xiloteca da Escola de Enxeñaría Forestal  
Visita ao Arboreto do Campus de Pontevedra